

**M^a DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA
DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 31/01/2020 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“

6.2. Solicitud de subvención da Asociación de Mulleres Rurais Amencer de Mugares para a organización do Entroido 2020 (Exp. 54/2020)

Dáse conta da instancia presentada por Ángela Iglesias Dasilva, en nome e representación da Asociación de Mulleres Rurais Amencer de Mugares, con CIF G32259996, pola que solicita a concesión dunha axuda económica para a organización do Entroido 2020.

A entidade solicitante figura inscrita no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Toén co nº 15, en virtude do decreto da Alcaldía de data 26/01/2006. A persoa física que a representa figura no rexistro co cargo de presidenta, sen que conste ningunha modificación nos órganos reitores da entidade.

Nas bases de execución (base 24^a, apartado 1) do orzamento do Concello de Toén para o exercicio 2020 consta unha axuda con carácter nominativo para a entidade Asociación de Mulleres Rurais Amencer de Mugares, con CIF G32259996, por importe de 1.500 €, con destino ao financiamento da organización do Entroido 2020.

De acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005; a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos os seus membros e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 19/06/2019 (BOP nº 166, do 20/07/2019), ACORDA:

PRIMEIRO.- Concederlle á Asociación de Mulleres Rurais Amencer de Mugares unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora de subvencións deste Concello polo importe de 1.500,00 €, cantidade recollida na base 24, apartado 1, das bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2020, con cargo á aplicación 330.48 do estado de gastos do orzamento. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos derivados da organización do Entroido 2020 segundo a solicitude presentada. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.

SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase unha vez concluída a actividade e previa a presentación da conta xustificativa do gasto realizado.



TERCEIRO.- De acordo co establecido no artigo 75 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e no artigo 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvencións do Concello de Toén; a entidade beneficiaria deberá presentar nas oficinas municipais nun prazo inferior a tres meses dende a realización da actividade a conta xustificativa que conterá a seguinte documentación:

- ✓ Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- ✓ Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarse o seu pagamento.*
- ✓ Declaración subscripta polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtivesen para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.*
- ✓ Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento da actividade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.*
- ✓ Declaración xurada acreditativa de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social.*

.....”

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde.

(Documento asinado electronicamente na marxe)

